

RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de literatura dramática (594455).

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo V, artigos 45 e 58, que os centros superiores de ensinos artísticos deben ser considerados como centros de formación superior, de acordo cos estudos de grao e posgrao que se poden cursar nestes, e que tamén poderán organizar estudos de terceiro ciclo a partir de convenios coas universidades. O artigo 96 da devandita lei orgánica establece no seu número 2 que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá determinar outras esixencias para o profesorado que as asuma, derivadas das condicións de inserción destes ensinos no marco europeo da educación superior, o que esixe un profesorado cun grao de cualificación similar ao que exerce a docencia universitaria, ao ser os títulos equivalentes para todos os efectos.

Coa aplicación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), tendo en conta o alto nivel de especialización dos devanditos estudos superiores e para garantir o maior nivel de excelencia nos procesos de ensino e aprendizaxe, é necesario regular de maneira específica a contratación de profesorado interino na Comunidade Autónoma de Galicia en función das necesidades da docencia que vaian derivando da implantación progresiva dos estudos superiores de artes dramáticas.

Atendendo ao nivel de especialización dos estudos e ás titulacións de grao e posgrao a que conducen e tendo en conta a disposición transitoria primeira do Real decreto 428/2013, do 14 de xuño, hai que establecer equivalencias entre a formación inicial alegada polos aspirantes e os perfís académicos e profesionais que se relacionan no Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas (BOE do 22 de xuño), e que no anexo I determina as especialidades vinculadas aos ensinos de artes dramáticas, e no anexo III a atribución de competencia docente aos profesores en función das especialidades. En consecuencia, este anuncio establece na súa base segunda as titulacións que deberán acreditar os aspirantes para participar na especialidade que se convoca en función das materias adscritas a ela e das disciplinas recollidas no Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 7 de decembro).

Para lograr a maior adecuación entre o perfil académico e profesional e o perfil docente de cada praza, o baremo que se presenta no anexo II establece unha serie de criterios específicos determinados polas singularidades da docencia que se vai a impartir, entre os cales destacan a experiencia profesional no campo artístico obxecto de concurso, a experiencia docente na mesma materia ou en materias afíns e a experiencia investigadora.

O punto décimo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017, establece a posibilidade de que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que, unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas

relacións mencionadas no punto segundo do mesmo texto refundido, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado.

Logo de esgotadas as listas correspondentes ao corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de literatura dramática (594455), procede realizar a convocatoria para establecer o procedemento para a incorporación de novas persoas candidatas ás correspondentes listas de interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de literatura dramática (594455).

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Posuír algunha das titulacións ou condicións que se indican a continuación:

- Profesores de música e artes escénicas:

Especialidade	Titulacións*
Literatura dramática (594455)	Licenciatura ou grao en filoloxía. Título superior en arte dramática, especialidade dirección escénica e dramaturxia, opción dramaturxia*.

No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou equivalencia, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22), Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (Boletín Oficial do Estado do 20 de novembro).

2. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non



separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

3. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
4. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

Non obstante o anterior, poderán formular solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no número 1, non posúan o certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4) ou equivalente. Estas persoas candidatas poderán ser seleccionadas na falta de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionadas, as persoas candidatas deberán obter, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeadas, o citado certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4) ou equivalente. A obtención do dito certificado ou equivalente deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Terceira. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude e un aboamento de taxas por cada unha das especialidades nas que desexe inscribirse. Con elas deberán achegar cuberto o modelo de alegación de méritos e unha copia compulsada da documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda e da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración segundo o previsto na base novena. O modelo de solicitude e de alegación de méritos serán os que figuren publicados no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal no apartado de colectivo>profesorado>xestión de profesorado.

As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar unha copia compulsada da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017.

2. O prazo para formular solicitudes, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal. No caso de optar pola presentación da solicitude e demais documentación nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada pola persoa funcionaria antes de ser certificada.

Cuarta. Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas

(Códigos: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, Inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma: código 30.03.01).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 17,60 euros.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas, logo de xustificación documental:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargos en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

A non presentación dentro do prazo da xustificación do pagamento das taxas, no que figure de ser o caso o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Quinta. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas concursantes será realizada por unha comisión nomeada polo director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e constituída polos seguintes membros:

Presidente: director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais:

O director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Un/unha profesor/a da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

O subdirector de Aprendizaxe Permanente e Ensinos de Réxime Especial.

O xefe da sección de cadros de persoal da Subdirección Xeral de Recursos Humanos.

Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actuará, como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto.

Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

A comisión de selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestar a súa colaboración.

Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que considere pertinentes.

Sexta. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o baremo de méritos relacionado no sinalado anexo I deste anuncio. Non se baremarán os méritos dos aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos no proxecto docente.

Logo de realizada a valoración dos méritos, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das persoas que obtivesen unha puntuación mínima de 5 puntos no proxecto docente, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal.

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Sétima. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal.

Contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Oitava. Orde de chamamentos

As persoas candidatas seleccionadas ocuparán na lista da correspondente especialidade un número de orde de chamamentos posterior ao do persoal interino e substituto da mesma lista que foi seleccionado en convocatorias anteriores.

Novena. Baremo de méritos.

1. Será considerado mérito preferente estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: licenciatura en pedagogía, licenciatura en psicopedagogía, diplomatura en maxisterio, diplomatura en educación social, ou títulos de grao correspondentes.
2. A selección das persoas candidatas efectuarase aplicando o baremo de méritos relacionado no sinalado anexo I desta resolución.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

ANEXO I

I. Experiencia profesional docente e formación académica: máximo 10 puntos.

1.1. Experiencia docente previa: máximo 5 puntos.

1.1.1. Experiencia docente previa en centros oficiais na mesma especialidade: 0,5 puntos por ano (1 mes=0,0417 puntos).

Documentación acreditativa: folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Persoal ou, na súa falta, certificación do/a secretario/a do centro co visto e prace do/a director/a, na cal deben constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.

1.1.2. Experiencia docente previa en centros oficiais noutras especialidades dos estudos superiores de artes dramáticas: 0,25 puntos por ano (1 mes= 0,0208 puntos).

Documentación acreditativa: folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Persoal ou, na súa falta, certificación do/a secretario/a do centro co visto e prace do/a director/a, na cal deben constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.

1.2. Expediente académico na titulación alegada: máximo 1 punto (en escala de 0 a 10 puntos:6,5 a 7,5: 0,5 puntos; 7,5 a 10: 1 punto).

Documentación acreditativa: expediente académico persoal, orixinal ou fotocopia compulsada, na cal consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado.

1.3. Posgraos e doutoramentos.

1.3.1. Diploma de estudos avanzados, título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera título equivalente na especialidade á cal se opta: 0,5 puntos.

Documentación acreditativa: no caso do DEA, suficiencia investigadora ou titulación equivalente, certificación académica ou fotocopia compulsada do diploma. No caso do máster, certificación orixinal ou copia compulsada da súa superación.

1.3.2. Diploma de estudos avanzados ou máster, suficiencia investigadora ou calquera título equivalente noutras especialidades dos estudos superiores de artes dramáticas: 0,25 puntos.

Documentación acreditativa: no caso do DEA, suficiencia investigadora ou titulación equivalente, certificación académica ou fotocopia compulsada do diploma. No caso do máster, certificación orixinal ou copia compulsada da súa superación.

1.3.3. Título de doutoramento na especialidade a que se opta: 2 puntos.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia compulsada do título de doutoramento ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).

1.3.4. Outros títulos de doutoramento: 1 punto.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia compulsada do título de doutoramento ou, se é o caso, do abono dos dereitos de expedición, conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).

1.4. Outras titulacións:

Só serán puntuables como mérito neste punto aquelas titulacións que non sexan requisito para o acceso á especialidade correspondente.

a) Titulacións de primeiro ciclo: 0,25 puntos.

b) Titulacións de segundo ciclo: 0,5 puntos.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia compulsada da titulación alegada ou, se é o caso, certificación do aboamento dos dereitos de expedición conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica en que se acredite a súa superación.

A puntuación máxima alcanzable polos puntos 1.2, 1.3 e 1.4 é de 5 puntos.

1.5. Actividade de formación: máximo 4 puntos.

1.5.1. Cursos superados relacionados coa especialidade á cal se opta, organizados polas administracións educativas que estean en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, polas institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecido polas citadas administracións, así como os organizados polas universidades (valoraranse por esta epígrafe os cursos organizados polos centros oficiais ou recoñecidos de estudos superiores de artes dramáticas) (0,10 cada 10 horas).

Documentación acreditativa: certificado no cal conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación.

1.5.2. Por cursos impartidos relacionados cos estudos de Arte Dramática organizados polas administracións educativas que estean en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, polas institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecido polas citadas administracións, así como os organizados polas universidades (valoraranse por esta epígrafe os cursos organizados polos centros oficiais ou recoñecidos de estudos superiores de artes dramáticas) (0,10 cada 10 horas).

Documentación acreditativa: certificado no cal conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación.

1.5.3. Por outras actividades de formación: 0,05 cada 10 horas (máximo 1 punto).

Documentación acreditativa: certificado no cal conste de modo expreso o número de horas de duración do curso.

II. Publicacións e experiencia profesional non docente: máximo 10 puntos.

2.1. Publicacións: puntuación máxima 3 puntos.

2.1.1. Por publicacións, artigos ou capítulos de libros directamente relacionados coa especialidade a que se opta: 0,15 cada publicación, artigo ou capítulo de libro.

2.1.2. Por libro publicado: máximo 0,5 puntos por libro.

As publicacións que non consignen o ISBN ou o ISSN en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor delas.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas deles. No referente a materiais publicados en soportes especiais como vídeos, CD-Rom, etc., será necesario achegar a documentación impresa que poida acompañar estas publicacións (portadas, folletos explicativos dos obxectivos e contidos, impresións, etc.). No caso das publicacións que só teñen soporte electrónico, presentárase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicáranse a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.

2.2. Por postos e cargos desempeñados en institucións e organismos vinculados a estudos de artes dramáticas: máximo 2 puntos.

Documentación acreditativa: nomeamentos e cesamentos expedidos pola autoridade competente ou, de ser o caso, certificación na cal conste que no momento de presentación da solicitude desempeñábase o cargo correspondente.

2.3. Por participación en espectáculos como actor, actriz, autor/a escenógrafo/a, dramaturgo/a se son da especialidade a que se opta: 0,25 por cada participación ata un máximo de 3 puntos.

Documentación acreditativa: contratos correspondentes ou copias compulsadas deles.

2.4. Organización de congresos, encontros, seminarios e outras actividades vinculadas coa especialidade a que se opta: 0,25 por cada actividade ata un máximo de 3 puntos.

Documentación acreditativa: certificación expedida pola autoridade competente.

III. Proxecto docente: máximo 10 puntos.

Proxecto docente orixinal cunha extensión máxima de 30 folios, formato DIN A -4, escritos por unha soa cara, a dobre espazo, cunha letra tipo Times New Roman , tamaño 12, que faga referencia aos seguintes aspectos: ámbito legal vixente que regula os diversos aspectos dos estudos de artes dramáticas, obxectivos, competencias básicas, contidos, metodoloxía pedagóxica, criterios de

avaliación, bibliografía, recursos necesarios e calquera outra información relacionada cos estudos de artes dramáticas.

No proxecto docente deberá terse en conta a lexislación aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación cos plans de estudos vixentes, así como a consideración de todas as materias vinculadas coa especialidade docente e sobre as cales as persoas aspirantes terían competencia docente.

Na actualidade están en vigor ensinos LOE. A lexislación vixente está recollida no Real Decreto 630/2010 (BOE do 5 de xuño de 2010) e na Orde do 30 de setembro de 2010 (DOG do 11 de outubro), modificada pola corrección de erros publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2012.

Non poderán ser seleccionadas aquelas persoas candidatas que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos no proxecto docente.